



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MAR
DEL PLATA COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS
NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS
GALEGOS RESIDENTES EN ARXENTINA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Mar del Plata o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Mar del Plata (Arxentina), con problemas de dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na Arxentina reside unha amplísima colonia de galegos e de seus descendentes que están a sufrir unha situación de crise socio económica que xera un deterioro do nivel de vida dos seus cidadáns, que se está a agravar no sector de poboación de maior idade debido a falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

Na cidade de Mar del Plata e municipalidades limítrofes vive un gran número destes emigrantes e de descendentes que se atopan en situación de necesidade pola falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.





O Centro Gallego Mar del Plata é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, na que están asociados máis de mil galegos e descendentes residentes nesa área xeográfica. Dende o ano 2004 esta entidade posúe un centro de día, creado como obra de beneficencia, co obxectivo de promover o apoio socio asistencial dos maiores a través da súa atención integral con carácter de servizo preventivo, asistencial e de integración social, proporcionando aos emigrantes galegos actividades sociais, de esparsamento cultural, recreativo e asistencia de saúde.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O obxectivo de utilidade e interese social público no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Arxentina, que por cuestións de idade e necesidade presentan problemas asociados e derivados destas circunstancias persoais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 7 de xullo de 2016.

